

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA RELATIVO Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS DIXITAIS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Xerente Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia,
DECLARA:

Que esta Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia formalizou co Consello Consultivo de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 22/03/2018 ata o 22/03/2021, sen prexuízo da súa prórroga expresa ata un máximo de 4 anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración e asistencia instrumental da Amtega mediante a prestación por esta dos servizos corporativos de tecnoloxía da información e das comunicacións necesarios para o exercicio das súas funcións aos que se refire o convenio. A Amtega, ten competencia para esta colaboración e apoio instrumental ao Consello Consultivo. O convenio de colaboración, polo tanto, busca a eficiencia en prestación dos servizos públicos e a realización das tarefas de interese público que lles corresponden ás partes cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispón o sector público autonómico.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase, por unha parte no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, que no



seu artigo 6 establece que a Amtega ten entre as súas competencias o impulso, asesoramento técnico e apoio en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Pola outra parte, o Consello Consultivo de Galicia, creado pola Lei 9/1995, do 10 de novembro, e regulado na actualidade pola Lei 3/2014, do 24 de abril, é o supremo órgano consultivo da Xunta de Galicia e das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e actúa con independencia respecto de calquera órgano e, en garantía dela, goza de autonomía orgánica e funcional, non estando os seus membros ligados por ningún mandato imperativo.

Asemade o artigo 7.1 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece que as relacións entre os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais que integran o sector público autonómico están suxeitas aos principios de cooperación, colaboración e asistencia recíprocas co fin de garantir a eficacia do sector público e o uso eficiente dos recursos públicos. O artigo 8.1 dispón que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público, coa finalidade do uso eficiente dos recursos públicos existentes, realizarán as tarefas de interese público que lles corresponden cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispoña o sector público autonómico.

Por último o artigo 14 da Lei 14/2013, regula os acordos de colaboración ou cooperación entre entidades do sector público autonómico para o desempeño conxunto de tarefas comúns.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato



dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

